

Biblioteca universitaria

MEMORIA 2012



Biblioteca universitaria **MEMORIA 2012**

Aprobada pola Comisión da BUSC o 24 de xullo de 2013



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Colexio de Fonseca

Rúa do Franco s/n

15782 Santiago de Compostela

 981.559.900 ext. 11087

 bxsec@usc.es

 <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>

Índice

Presentación	7
Presuposto.....	9
Persoal.....	13
Instalacións e equipamento.....	17
Desenvolvemento das coleccións.....	21
Base de datos bibliográfica e procesos	27
Servizos	31
Redes, cooperación e proxección exterior	47
Anexos.....	53
Anexo estatístico	53
Relación de títulos Bugalicia con máis descargas por editor	65
Relación de títulos USC e descargas	99
Relación de monografías electrónicas da USC.....	107

Presentación

Nesta presentación imos salientar os datos mais relevantes da actividade desenvolvida na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela durante o ano 2012. Como ven sendo habitual, ofrécense os datos estatísticos da BUSC de xeito pormenorizado no Anexos.

En 2012, tras o recorte presupostario do ano anterior, a BUSC mantivo os seus orzamentos idénticos a 2011, debido a prórroga do orzamento establecida mediante Resolución Reitoral de 30 de decembro de 2011. Ás cantidades destinadas a Bibliotecas non se lles aplicaron porcentaxes de retención. No apartado **Presuposto** pódense analizar en detalle estes datos, así como as cantidades procedentes de ingresos por servizos e achegas de centros e departamentos, empregados en adquisicións bibliográficas, equipamento e mantemento das diferentes bibliotecas..

No que atinxe a espazos e equipamento, en 2012 sen dúbida hai que salientar os traballos de cambio de ventás no Claustro alto do Colexio de Fonseca, sede da Biblioteca Xeral, obra pendente dende 2009, así como a ampliación do depósito de monografías da Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

No apartado dedicado ao **Desenvolvemento das coleccións**, salientamos que se produce un descenso nos ingresos de monografías e revistas a pesar do mantemento orzamentario. É unha consecuencia máis da crise económica que se nota especialmente no apartado das doazóns e os intercambios de publicacións. Aínda así neste apartado pódense repasar as incorporacións destacadas ao fondo da BUSC e un repaso pola colección accesible a través do Consorcio BuGalicia.

As cifras e feitos máis salientables dos traballos relacionados co Catálogo da BUSC están relatados no apartado **Base de datos bibliográfica e procesos**.

No apartado referido aos **Servizos**, atópase unha ampla información relativa ao uso de recursos electrónicos propios e consorciados. Igualmente dáse conta nos avances no proxecto de Repositorio Institucional Minerva, dos datos relativos ao servizo de préstamo a domicilio, fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e a ampliación do alcance da formación de usuarios. Finalmente repásase a posta en marcha da nova páxina web da BUSC e a presenza da Biblioteca nas redes sociais.

No apartado **Redes, cooperación e proxección exterior** ofrécense detalles das distintas participacións da BUSC en proxectos internos e externos á propia universidade, nomeadamente a participación en BuGalicia e REBIUN.

Non queremos rematar sen deixar constancia do noso recordo aos compañeiros que nos deixaron en 2012: **Rosa Bassave Roibal** e **José Manuel Traveso Pardo**.

Presuposto

O presuposto da Biblioteca para o ano 2012 ascendeu a 2.353.000 €, a mesma cantidade que en 2011, debido a prórroga do orzamento establecida mediante Resolución Reitoral de 30 de decembro de 2011. Ás cantidades destinadas a Bibliotecas non se lles aplicaron porcentaxes de retención. No cadro seguinte amósase desglosado por aplicacións:


Presuposto da BUSC 2011		
Capítulo 2	Biblioteca Xeral. Reparación e mantemento mobiliario e equipamento	61.200 €
	Bibliotecas. Gastos correntes	84.000 €
	Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes	1.400 €
	Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes	2.400 €
	Biblioteca: Acceso Revistas electrónicas	1.285.000 €
Capítulo 6	Bibliotecas. Equipamento	19.000 €
	Bibliotecas. Adquisición libros	300.000 €
	Bibliotecas. Adquisicións publicacións periódicas	600.000 €
TOTAL		2.353.000 €

Os créditos asignados víronse incrementados mediante os ingresos procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario que ascenderon en 2012 a 20.800,25 €, así como a consecución dunha subvención do Ministerio de Cultura para a dixitalización de fondo patrimonial da BUSC, por valor de 10.253,35 €

ADQUISICIÓN BBLIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos dez anos.

Evolución do presuposto de adquisicións bibliográficas 2002-2012



O custo das publicacións periódicas en 2011 foi de **1.880.097,22 €**, cantidade na que se inclúe a achega aportada ao Consorcio Bugalicia para a contratación conxunta de recursos electrónicos.

Publicacións periódicas adquiridas vía concurso	227.660,79 €
Publicacións periódicas non concurso	375.833,42 €
Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente	1.285.000,00 €
	1.888.494,21 €

Con respecto a cantidade gastada en 2011 (1.902.847,04 €) hai un descenso do 1%.

Na seguinte táboa podemos ver o gasto total en monografías (correspondente ao orzamento global) desgastado por centros nos anos 2011 e 2012:

Centro	Gasto total 2012	Gasto total 2011
Biología	8.938,50	7.886,03
CA-Dereito	17.762,18	14.750,14
CA-Políticas	13.786,46	16.216,32
CA-Relación Laborais	2.964,36	2.746,86
CC Comunicación	7.164,73	10.684,87
CC. Educación	14.657,41	15.582,73
Económicas	18.760,13	16.234,85
Enfermería	4.335,79	5.772,36
ETSE	6.527,84	8.384,08
Farmacia	12.048,83	9.390,75
Filoloxía	25.668,34	21.237,60
Filosofía	10.085,30	10.885,27
Física	7.052,84	6.105,70
Química	7.400,96	5.643,17



Centro	Gasto total 2012	Gasto total 2011
Formac. Profesorado	5.784,76	4.181,23
Lugo-Ciencias	6.081,19	4.584,98
Lugo-Empresa	7.699,92	7.367,51
Lugo-EPS	10.164,30	9.423,49
Lugo-Humanidades	8.333,98	9.030,33
Lugo-Veterinaria	13.231,41	8.129,28
Matemáticas	9.474,34	6.310,54
Medicina	14.488,57	15.960,50
Óptica	2.606,38	2.733,57
Psicoloxía	15.096,53	11.676,55
Xª e Hª	16.123,28	15.131,07
Xeral	41.746,95	56.849,56
Area CIENCIAS	2.722,50	8.967,74
Area HUMANIDADES	5.130,50	
TOTAL	315.838,28	311.867,08

O crédito ordinario de adquisicións bibliográficas incrementouse con diversas achegas recollidas na seguinte táboa:

Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos	
Aportacións de Centros	16.565,00 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	176.651,85 €
Outros ingresos (rappel, achegas asociacións ...)	10.167,10 €
TOTAL	201.383,95 €

Existe un descenso global do 31% nas aportacións adicionais con respecto ao ano anterior (294.249,82 € en 2011). Nas achegas provenientes dos centros este descenso elévase ata o 54%. No caso dos departamentos e proxectos o descenso é inferior ao 30% (246.929,79 € en 2011). Os descontos en librerías descenden lixeiramente con respecto ao ano pasado (11.742,86 € en 2011).

As achegas máis salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos corresponden ás Facultades de Filoloxía, Dereito e Xeografía e Historia, que alcanzan o 90% do total aportado.

	Centros	Deptos., Proxec.
Dereito	1.684,00 €	62.341,35 €
Filoloxía	11.131,00 €	72.030,00 €
Xeografía e Historia	3.539,00 €	31.874,00 €
	16.354,00 €	166.245,35 €


Tendo en conta as achegas adicionais ás cantidades inicialmente presupostadas, na BUSC destináronse ás adquisicións bibliográficas 2.404.149,38 €, dos que 453.306,83 € corresponden a monografías e 1.950.842,55 € a publicacións periódicas

Nos anexos pódense consultar os datos detallados deste e doutros subapartados relativos á execución dos orzamentos.

EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

No seguinte gráfico amósase a evolución do presuposto dedicado a gastos correntes (aplicación 220) e a adquisición de material inventariable (aplicación 626):

Evolución do presuposto de mantemento e equipamento 2002-2012



Pode apreciarse como a liña evolutiva en ámbalas dúas aplicacións orzamentarias frenou o descenso iniciado o ano anterior por mor da prórroga orzamentaria.

As cantidades inicialmente previstas (aplic. 220, 84.000 €; aplic. 626, 19.000€) sumáronse ingresos por valor de 38.840,54 € procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e de achegas dos centros. No seguinte cadro vemos desglosadas as achegas:

Aportacións en equipamento e mantemento	
Aportacións Departamentos e Proxectos	- €
Aportacións de Centros	13.429,68 €
Ingresos por servizos	25.410,86 €
TOTAL	38.840,54 €

OUTROS INGRESOS

A BUSC presentouse a convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) correspondentes ao ano 2011, coa cuarta fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. A orde *CUL/1138/2011, de 13 de abril* concede á Universidade de Santiago de Compostela **10.253,35 €**. A percepción económica da subvención fíxose efectiva a principios de 2012.



Persoal

DATOS XERAIS

A 31 de decembro de 2012 a BUSC contaba co seguinte persoal:

Persoal da BUSC - Ano 2012	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	16
Escala de Axudantes de Bibliotecas	53
Auxiliares de Biblioteca (Func.C) / Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	107
Auxiliares Administrativos	7
Persoal especializado	-
Área conxexería	9
TOTAL	192

13

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2012 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.T.B	Sab/Dom/ nocturna	Area Consex.	Persoal espec.	TOTAL
BUSC	6			2				8
B. Xeral	2	15	5	13		3		38
Bioloxía	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	2	3	1	8	2	2		18
Farmacia		2		4				6
Filoloxía	1	4		6				11
Filos., CC.Ed., Psicol.	1	5		6				12
Física e Óptica		2		5				7

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.T.B	Sab/Dom/ nocturna	Area Conserx.	Persoal espec.	TOTAL
Xeografía e Historia	1	4		8				13
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5				8
Química		2		4				6
ETSE				3				3
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	5	1	12	2	4		25
Formación Profesorado		1		3				4
TOTAIS	16	53	7	99	8	9	-	192

A Aula Universia da Biblioteca Intercentros de Lugo contou un ano máis co desempeño de dous bolseiros pertencentes á rede de aulas de informática da USC.

OPOSICIÓNS, CONCURSOS, TRASLADOS, XUBILACIONS

14

En xaneiro de 2012 xubilouse dona María del Carmen Neo Gómez, que desenvolvía o seu traballo como auxiliar de servizos na Biblioteca Xeral.

En marzo de 2012 xubilouse dona María Dolores Vázquez Villot técnico superior de información que desenvolvía o seu traballo na Biblioteca Xeral.

O Consello de Goberno do día 27 de abril de 2012 aprobou o cambio de unidades organizativas das bibliotecas da Facultade de Xeografía e Historia e das Facultades de Filosofía/Psicoloxía/Ciencias da Educación. Ditos cambios foron os seguintes:

- Modificar a unidade organizativa Biblioteca da Facultade de Filosofía/ Facultade de Psicoloxía/ Facultade de Ciencias da Educación pasando a denominarse Biblioteca da Facultade de Psicoloxía/Facultade de Ciencias da Educación
- Modificar a unidade organizativa Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia pasando a denominarse Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia/ Facultade de Filosofía.

A distribución do persoal queda do seguinte xeito:

Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia/ Facultade de Filosofía.

- 1 dirección biblioteca centro
- 4 axudantes de biblioteca
- 8 auxiliares arquivo, biblioteca e museo (4 quenda mañá, 4 quenda tarde)

Biblioteca da Facultade de Psicoloxía/Facultade de Ciencias da Educación

- 1 dirección biblioteca centro
- 5 axudantes de biblioteca
- 6 auxiliares arquivo, biblioteca e museo (3 quenda mañá, 3 quenda tarde)



FORMACIÓN

Durante 2012, o persoal da BUSC participou nos seguintes cursos de formación:

a) Organizados pola USC dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia

Cursos específicos para persoal de Bibliotecas

Catalogación do fondo antigo en Formato MARC 21

Internet invisible

Prevenção de riscos en bibliotecas

Sobrevivindo no contexto-e: conceptos informativos básicos para o traballo cotiá na biblioteca

Web semántica e bibliotecas. como contribuir á creación e publicación de datos vinculados na web

Cursos para todo o persoal da USC

A Protección datos de carácter persoal e boas prácticas en seguridade da información

Criterios de uso dunha linguaxe non sexista na Universidade

Excel 2007 avanzado

Libre Office Writer

Libre Office Impress

Open Office

Outlook 2007

Prevenção de riscos na Área de Conserxerías

Primeiros pasos coa distribución de GNU/LINUX da Universidade

Seguridade viaria. Prevenção de accidentes in itinere e in misión

b) Organizados por outras entidades:

Diseño WEB profesional: la arquitectura de la información en la web 2.0

Metadatos y su aplicación en la descripción de recursos

Módulos de Revistas y de Ejemplares de Revistas en URRACA

PROQUEST/ASFA

Scifinder training

Web social para profesionales de la información

c) Asistencia a congresos, simposios

Digital. Humanities@Oxford Summer School (DHOXSS) 2012

X Jornadas CRAI: Resultados de la implantación de las competencias informáticas e informacionales (CI2) en las Universidades Españolas, 28 y 29 de junio, Universidad de La Rioja

IX Simposio O libro e lectura: o futuro da librería, organizado pola Asociación Galega de Editores, 9 de novembro de 2012

OUTRAS PARTICIPACIÓNS

- A Vicerexenta do Campus de Lugo, como membro do grupo UNICI2 ao que pertence a BUSC, presentou as ponencias “Formar en competencias informacionales de forma cooperativa en las bibliotecas universitarias españolas”, e “Planear y evaluar programas de ALFIN desde instituciones educativas y bibliotecas” no **XII CONGRESO INTERNACIONAL DE INFORMACIÓN**, celebrado en La Habana, Cuba, do 16 ao 20 de abril del 2012.
- A xefa do Negociado de Adquisicións da Biblioteca Xeral asistiu á feira LIBER 2012 en Barcelona, que contou con mais de 450 expositores e máis de 6.000 visitantes profesionais de diversos países.
- A Directora da BUSC participou na **Coloquio Internacional “Setenta anos de Cuadernos Americanos: Migración e exilio español republicano (1942- 2012) ”**, celebrado na USC, entre os días 9 e 11 de outubro e organizado polo Centro de Estudos Avanzados, coa ponencia **Biblioteca América, presente y futuro del sueño de un visionario emigrante gallego**.
- No **IX Foro internacional de evaluación de la calidad de la investigación y la educación superior**, celebrado en Santiago de Compostela do 12 ao 15 de xuño presentación das seguintes comunicacións escritas:
 - “Contribuíndo á formación dos futuros investigadores: o plan de formación en competencias informacionais da USC. Primeiros resultados da aprendizaxe”, de María Isabel Casal Reyes, María Luz Ríos Rodríguez e Carmen Varela Prado.
 - “Trabajando competencias de información: una experiencia con investigadores en el campus de Lugo”, de Inés Amboage García, César Gómez Pérez e Julia Cantalapiedra Álvarez.

Instalacións e equipamento

INSTALACIÓNS

Sen dúbida debemos destacar o cambio de carpinterías das ventás do Claustro Alto do colexio de Fonseca. Trátase dunha obra pendente dende 2009, na que se acometeu a reparación e mellora das fachadas, cubertas e sala de lectura. Ademais procedeuse a un novo vernizado do chan, traballos de pintura e renovación de estores e luminarias.




Estado da carpintería antes das obras



Traballos de reposición da carpintería

18



Resultado final



A Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas deu luz verde á remodelación e ampliación do depósito de monografías da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Os plans iniciais de recuperar todo o espazo en torno ao patio, ocupado en parte por dúas aulas con moi pouco uso, para poder converter unha delas nunha sala de usos múltiples e equipada convenientemente para atender ás diferentes necesidades dos usuarios (como as dos alumnos para facer traballos en grupo, ofrecer un lugar un posto informatizado aos novos investigadores que traballan nas súas teses, ou un lugar de traballo e estudo aos profesores visitantes), víronse truncados pola necesidade de espazo onde impartir a docencia interactiva que impón Bolonia, e quedaron reducidos á remodelación e ampliación da zona do depósito ocupando solo parte dunha das antigas aulas.

Todas estas obras levaron consigo unha adaptación e axuste dos estantes existentes, co conseguinte movemento dos fondos das zonas afectadas, para o cal destinouse dende a Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas unha partida coa que financiar o novo equipamento necesario para amoblar o espazo. O proceso de movemento e acomodación das monografías afectou entón a todo o depósito, que cambiou a súa imaxe e acadou unha nove orde para as diferentes seccións temáticas.



Na Biblioteca da Facultade de Medicina, ante a carencia de espazo nos depósitos para a colocación de novos fondos bibliográficos o Decanato adxudicou á Biblioteca un pequeno espazo contiguo aos despachos de catalogación de 28 m² de superficie, que está pendente de realizar as correspondentes obras de adecuación.

EQUIPAMENTO

Cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes de servizos, abordouse coma en anos anteriores á substitución e/ou adquisición de equipos informáticos e mobiliario. Investíronse un total de 38.613,03 € neste capítulo¹. No cadro seguinte pode verse unha relación do equipamento adquirido desagregado por bibliotecas:

BIBLIOTECA		
Biblioteca Xeral	11	Ordenadores de sobremesa
	1	Impresora
	1	Mesa auxiliar
	1	Conxelador
	5	Micrófonos
	1	Cadeira
Bioloxía	2	Ordenadores portátiles
Económicas	5	Ordenadores de sobremesa
	1	Ordenador portátiles
	1	Cadeira
Concepción Arenal	1	Ordenador de sobremesa
Farmacía	2	Ordenadores de sobremesa
Filoxía	3	Ordenadores de sobremesa
Cc. Educación. Psicoloxía	2	Ordenadores de sobremesa
Física - Óptica	2	Ordenadores de sobremesa
	1	Leitor óptico
	2	Mesas
	8	Cadeiras
	1	Corpo de estantería
Xeografía e Historia	1	Ordenadores de sobremesa
	1	Leitor óptico
	1	Impresora
	7	Corpos de estanterías
	1	Texueladora
	1	Desactivador/Activador EM
Matemáticas	3	Leitores ópticos
Medicina	2	Ordenadores de sobremesa
Química	1	Ordenador de sobremesa
	1	Cadeira
ETSE	1	Ordenador de sobremesa
	1	Leitor óptico
Intercentros Lugo	1	Leitor óptico
Ciencias da Comunicación	1	Ordenador de sobremesa
	2	Peldaños
Formación do Profesorado	1	Ordenador portátil
	4	Cadeira



¹ Ademais os centros destinaron 11.434,68 € para a adquisición de equipamento.

Desenvolvemento das coleccións

En 2012 ingresaron na BUSC 14.249 volumes, un 27 % menos que no ano anterior. Destes títulos, 8.244 (24.5% menos que en 2011) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (estas achegas poden verse nas táboas do apartado “Presuposto” no *Anexo estatístico*). Por intercambio ingresaron 1.083 títulos (un 15 % menos que en 2011) e por doazón un total de 4.922 (un 34% menos).


Polo tanto continua o descenso xeneralizado en case tódolos ingresos, aínda que nesta ocasión o mais salientable prodúcese pola vía da doazón, unha consecuencia máis da situación de crise económica. No *Anexo estatístico* poden verse as cifras para cada biblioteca.

DISTRIBUCION DAS OBRAS INGRESADAS

A distribución das monografías ingresadas por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTROCompra	MONOGRAFÍAS 2012			
	Doazón	Intercambio	TOTAL	
B. Xeral	337	1.157	168	1.662
Bioloxía	113	96	51	260
Económicas	367	153	28	548
C.Arenal	1.681	351	132	2.164
Farmacia	116	135	2	253
Filoxía	1.139	1.323	184	2.646
Cc.Educ. Psicol	1.002	269	95	1.366
Física Óptica	140	17	14	171
Xeografía e Historia	959	328	283	1.570
Matemáticas	125	97	3	225
Medicina	146	549	59	754
Química	53	46	10	109
ETSE	126	106	10	242
Intercentros	954	-	-	954
CC. Comunicación	315	73	11	399
Formación Profesorado	185	48	-	233
Enfermería	58	95	-	153
Filosofía	415	79	33	527
Observatorio	13	-	-	13
TOTAIS	8.244	4.922	1.083	14.249

No seguinte gráfico pódese apreciar o descenso no número de volumes ingresados en 2012 en relación cos incorporados no ano anterior:




No que atinxe á colección de publicacións periódicas, a finais de 2012 a BUSC tiña un total de 38.627 publicacións periódicas, das que 33.847 están pechadas e 4.780 en curso de recepción. Hai descensos en case que todas as modalidades de adquisición, pero as mais salientables danse no apartado de compras debido a diminución do orzamento de publicacións comezado en 2011. Na táboa e gráfico seguintes ofrecemos os datos desagregados por biblioteca.

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS 2012					
	Títulos pechados	Abertas			TOTAL	
		Compra	Doazón	Interc.	Total	Abertas
					Abertas	Pechadas
B. Xeral	11.586	508	40	160	708	12.294
Bioloxía	896	43	54	175	272	1.168
Económicas	2.743	163	145	64	372	3.115
C.Arenal	4.611	260	109	154	523	5.134
Farmacía	1.419	40	67	47	154	1.573
Filoloxía	1.910	422	121	218	761	2.671
Cc.Educ. Psicol	1.152	117	74	118	309	1.461
Física Óptica	400	36	5	2	43	443
Xeografía e Historia	2.210	167	87	268	522	2.732
Matemáticas	505	71	11	26	108	613
Medicina	2.316	50	61	6	117	2.433
Química	634	29	7	4	40	674
ETSE	208	28	9	1	38	246
Intercentros	1.400	128	136	129	393	1.793
CC. Comunicación	710	28	74	4	106	816
Formación Profesorado	234	37	56	16	109	343
Enfermería	114	9	16	-	25	139
Filosofía	462	41	8	98	147	609
Observatorio	337	11	22	-	33	370
TOTAIS	33.847	2.188	1.102	1.490	4.780	38.627



Coleccións de publicacións periódicas 2012



INCORPORACIÓNS DESTACADAS

En 2012 foron varias as colección particulares que se incorporaron á BUSC. En primeiro lugar debemos mencionar o **fondo Baltar**. A familia Baltar-Martínez de la Riva doou a biblioteca médica do doutor Fernando Baltar, composta de aproximadamente 3.000 volumes, cuxas datas de edición corresponden fundamentalmente á segunda metade do século XIX e primeira do XX, inda que tamén hai volumes do século XVIII. A meirande parte dos títulos están editados en España, pero tamén no estranxeiro, fundamentalmente en Francia. A incorporación desta biblioteca contribúe a enriquecer o fondo antigo de medicina da BUSC, fondos moi valiosos pola importancia histórica dos estudos e a investigación desa materia na Universidade de Santiago. Hai que destacar igualmente que a colección Baltar é unha biblioteca particular moi especializada e valiosa, non habitual nesa época, con valor en si mesma coma mostra da situación da medicina en Santiago de Compostela, nunha época determinada, e a súa relación coa Universidade e que conta con exemplares curiosos como o manuscrito *Las ferias de Madrid* de Juan Martínez Villergas. O autor deste manuscrito, nado en Valladolid en 1816 e morto en Zamora en 1894, foi un político vacilante, de ideas predominantemente republicanas, conservadoras e nacionalistas, ademais de escritor de ampla obra e mordaz pluma. Neste libríño inclúe unha aceda crítica sobre un dos capítulos da obra do mesmo título (*Las Ferias de Madrid*) do galego Antonio Neira de Mosquera. No blog da BUSC pódese atopar máis información sobre a obra: <http://busc.wordpress.com/2013/06/03/un-manuscrito-de-martinez-villergas/>

Destacamos igualmente a doazón de obras de pediatría de dona Loreto Somoza Concheiro, en concreto 54 volumes procedentes da biblioteca do seu pai **D. Jesús Somoza Almuíña**; a doazón de dona María del Carmen Sanjurjo de la Fuente, que doou 300 volumes da biblioteca de seu marido **D. Manuel Fuster Siebert** especialista en cardioloxía infantil; e a achega de D. **Jesús Suárez López**, cerca de 1000 volumes da súa propia colección de oftalmoloxía. Desta última doazón debemos destacar unha obra considerada fundamental no desenvolvemento da oftalmoloxía moderna: *System of Ophthalmology* de Sir Stewart Duke-Elder, composta de 15 volumes e publicada entre 1958 e 1976 en 19 unidades. Polo seu valor bibliográfico merece resaltarse a doazón de **D. Rafael Fernández Mariñas** (11 libros e instrumental médico). Entre as obras de maior valor figura unha edición de 1855 do *Precis iconographique de Médecine Opératoire et d'Anatomie Chirurgicale* de Claude Bernard e Charles Huete, editado en París por Mequignon-Marvis. Contén 113 ilustracións, a maior parte coloreadas á man (88 de operacións e 25 de instrumental cirúrxico). De gran valor historiográfico e bibliófilo acada hoxe elevados prezos no mercado do libro antigo. Incluímos a continuación copia de dúas ilustracións:



Estas obras incorporáronse aos fondos da biblioteca de Medicina e Odontoloxía.

O profesor **Manuel Sanmartín Durán** doou á Biblioteca da Facultade de Farmacia con ocasión da súa xubilación un total de 81 libros. Trátase dunha selección de obras científicas moi importantes no eido da parasitoxía médica e veterinaria da segunda metade do século XX, con ilustracións moi claras e didácticas e de carácter único na BUSC.

Polo que atinxe ás incorporacións do **Fondo Galicia** en 2012 destacamos:

- ***Apuntes manuscritos del bibliotecario Patiño.*** Trátase dun cartafol que inclúe follas soltas e fragmentos de manuscritos sobre temática variada da autoría de quen foi bibliotecario maior da Biblioteca da Universidade de Santiago e con posterioridade da Biblioteca Real de 1834 a 1840 (dende 1836 pasou a denominarse Biblioteca Nacional) .
- ***Ocios de un peregrino, impresiones y recuerdos de un viaje,*** de Manuel Barros, publicada en 1875 en Bos Aires. Manuel Barros é o seudónimo de Manuel Vázquez Castro, periodista e escritor galego que chegou a Bos Aires en 1872.
- ***La cocina española antigua,*** de Emilia Pardo Bazán. Madrid, [1913?]. É o volume décimo da colección *Biblioteca de la Mujer* editada pola autora.
- Tamén se mercou ***Hombres y mujeres de antaño, semblanzas,*** obra de dona Emilia pardo Bazán editada en Barcelona entre 1889 e 1910.
- ***Prodigiosa vida, admirable doctrina, preciosa muerte de los venerables hermanos los filósofos liberales de Cádiz, su entierro y oracion fúnebre hasta el requiescant amen.*** Trátase dun xornal publicado inicialmente en Cádiz de finais de 1813 a abril de 1814 e reimpresso en varias cidades españolas na mesma época. Redactado polo Fraile Francisco Alvarado, esta publicación tiña un carácter satírico e antirreformista, fronte a política liberal das cortes de Cádiz. Esta publicación incrementa a importante colección de revistas satíricas da BUSC.
- ***Galicia, revista universal de este Reino.*** Publicada na Coruña entre 1861 e 1865, os seus editores foron Antonio e Francisco de la Iglesia, escritores composteláns aveciñados na cidade herculina. A recepción do novo nacionalismo europeo está no xerme da publicación, que contou entre a súa nómina de colaboradores con autores moi heteroxéneos de Galicia e da diáspora, entre eles un nutrido grupo de mulleres, de entre as cales a única que hoxe ten relevancia entre o público é Rosalía de Castro.



COLECCIÓN CONSORCIADA

No seguinte cadro ofrécese un resumo da colección consorciada á que tivo acceso a USC durante 2012:


RESUMO DE RECURSOS CONSORCIADOS USC 2012			
BASES DE DATOS		PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS	
LISTA (acceso con outros recursos)		-Paquetes de Revistas	Nº títulos
SciFinder Scholar (Contratada)		ACS	65
Mathscinet (Contratada)		Cambridge	240
Westlaw (Contratada)		Cell	11
Ulrichs (Contratada)		IEEE Journals	399
Business Source Premier (BSP) (Contratada)		JSTOR	595
CINAHL (Contratada)		Nature	1
Eric (acceso con outros recursos)		Science	1
GreenFILE (acceso con outros recursos)		Science Direct	931
Regional Business News (acceso con outros recursos)		Springer	130
SportDiscus FT (Contratada)		Wiley	480
Teacher Reference Center (acceso con outros recursos)			
TSD: The Serials Directory (acceso con outros recursos)		Revistas en Paquetes - Subtotal de títulos	2.853
Asfa (Contratada)			
Lion (Contratada)		-BBDD a texto completo	
LIba (Contratada)		Busines Source Premier - BSP (FT)	12.581
PsychInfo (Contratada)		CINAHL(Rev)	71
Oceanic Abstracts (acceso con outros recursos)		Greenfile FT (Rev)	12
PILOTS Database (acceso con outros recursos)		Lion (Rev)	350
CSIC (Contratada)		Regional Business News (Rev)	180
Sabi (Contratada)		SportDiscus FT (Rev)	670
Tirant online (Contratada)			
Dissertations & Theses (Contratada)		Revistas en BBDD a texto completo - Subtotal de títulos	13.864
Norweb (Contratada)			
MEDLINE (gratis)		Revistas (Paquetes e BBDD) - Total de Títulos	16.717
Bases de Datos contratadas - Subtotal de número	16		
Bases de Datos con outros recursos ou acceso a través da plataforma do editor - Subtotal de número	8	MONOGRAFÍAS	Nº títulos
Bases de Datos gratuitas - Subtotal de número	1	IEEE Conferences And Proceedings	13.913
Bases de Datos - Total	25	IEEE Standards	3.177
		Ebooks on Ebscohost	968
		Monografías - Total de títulos	18.058

Base de datos bibliográfica e procesos

A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio. Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC, para monografías e revistas.




O número de rexistros bibliográficos de monografías e revistas baixa lixeiramente con respecto a 2011, debido ao traslado definitivo en xuño de 2012 dos fondos do Depósito Legal, conservados na USC en virtude dun convenio coa Xunta, á Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura.




Do total de descrições bibliográficas (1.128.645), 40.423 pertencen á Biblioteca América e 54.309 ao fondo histórico, coa seguinte distribución atendendo ao tipo de rexistro:

Biblioteca América



Fondo histórico



PROCESOS

Na BUSC continuaron desenvolvéndose os traballos habituais de introdución nos rexistros de autoridade de tema no sistema integrado de xestión bibliotecaria Millennium (actualizado en novembro de 2012) dos termos equivalentes en galego, coa finalidade de poder ofrecer aos usuarios a mesma busca no índice de tema en galego ou en castelán.

Co obxectivo de coordinar e homoxeneizar o traballo desenvolvido en catalogación, continúase a introducir información no Manual de Procedemento en Catalogación.


A BUSC participa no Catálogo Colectivo de REBIUN que permite consultar en Internet os fondos de 74 bibliotecas universitarias e de investigación españolas. Actualízase 6 veces ao ano co envío dos rexistros de monografías, publicacións seriadas e catalogación analítica de monografías e seriadas en formato MARC. Na última entrega do ano 2012, a BUSC enviou un total de 1.128.645 rexistros bibliográficos.

Finalmente debemos reseñar o traballo de resignaturización do fondo bibliográfico da Biblioteca de Ciencias da Educación cara a súa colocación en libre acceso, o que se traduciu na clasificación de aproximadamente 39.000 volumes.

ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS

BASES DE DATOS

Durante 2012 a BUSC tivo acceso a 34 bases de datos en rede, das que 25 pertencen á colección consorciada. As estatísticas de uso das bases consorciadas ofrecémolas diferenciadas atendendo aos datos proporcionados por Bugalicia, posto que unhas bases de datos presentan datos de uso baseados en estatísticas Counter e outras non.



Continua o incremento no uso de Scifinder, que xa non utiliza o sistema de licenzas limitadas, e Mathscinet. Igualmente repunta a utilización de Westlaw e descenden as consultas ás bases de datos do CSIC.


Polo que atinxe ás estatísticas de uso de bases de datos que proporcionan datos baseados no estándar Counter, estes son os resultados comparados dos anos 2011 e 2012

Bases de datos	Datos 2011	Datos 2012
The serials directory	374	374
Teacher reference center	399	376
Cinahl	403	575
Greenfile	441	548



Bases de datos	Datos 2011	Datos 2012
Lista	519	525
Regional business news	639	559
Sportdiscus full text	1.093	770
Lion	1.426	1.501
PQ dissertation and theses	2.723	3.119
PILOTS Database	3.442	2.052
OceanicAbstracts	3.595	4.468
LLBA	3.714	2.718
Eric	3.816	5.396
Asfa	3.993	4.485
BSP	9.853	7.650
Psycinfo	18.723	16.478
TOTAL CONSULTAS	55.153	51.594

Bases de datos - Consultas 2011-2012 Estadísticas Counter




En xeral, non se aprecian cambios moi significativos no uso. Baixan lixeiramente Psycinfo e BSP e suben tamén moi lixeiramente ASFA, Dissertation and Theses, Eric e Oceanic Abstracts.

No total do uso no Sistema Universitario Galego, a USC segue a ser quen máis emprega en datos absolutos as bases de datos, seguida da Universidade de Vigo, aínda que ámbalas dúas experimentan un pequeno retroceso na porcentaxe global, con respecto a 2011 (cun 41% e 36 % respectivamente).

Universidade	Total consultas	Porcentaxe
Coruña	217.549	27,00%
Santiago	313.519	39,00%
Vigo	275.732	34,00%
Total	806.800	100,00%

No gráfico seguinte están recollidos os datos de uso da **Web of Knowledge (WoK)**, desagregados nos diferentes produtos que a integran. Pode apreciarse como continua en ascenso o uso do JCR e da Web of Science & Proceedings, tendencia iniciada xa no ano anterior.

Web of Knowledge 2011-2012



Neste caso a USC claramente é quen mais emprega estes recursos, pois concentra máis da metade das consultas anuais:


Universidade	Total consultas	Porcentaxe
Coruña	69.173	21,32%
Santiago	166.008	51,18%
Vigo	89.173	27,50%
Total	324.354	100,00%

DIALNET

As estatísticas do ano 2012 da base de datos DIALNET para a BUSC resúmense na seguinte táboa, na que se ofrecen os datos do ano anterior:


ESTADÍSTICAS DIALNET 2012	2011	2012
Nº de sesións realizadas polos usuarios	46.554	49.863
Nº de accesos realizados polos usuarios	163.551	171.330
Nº de descargas realizadas polos usuarios	27.802	30.161
Nº de buscas de documentos realizadas polos usuarios	22.760	29.344
Nº de usuarios rexistrados a 31/12/2011	1271	1605
Nº de subscricións de revistas polos usuarios a 31/12/2011	7.748	8.093
Nº de títulos de revistas baleiradas por persoal da BUSC	71	72
Nº de documentos creados pola BUSC	3.349	2.825
Nº de alertas de revistas xeradas para a BUSC	7.156	6.226
Nº de alertas xeradas polas revistas que baleira a BUSC	20.086	20.750

Un ano máis conséntase un aumento de usuarios e accesos a esta base de datos, na que a BUSC contribúe co baleirado de 72 revistas, en 68 delas faise ademais un baleirado retrospectivo.



LIBROS ELECTRÓNICOS


Canto das monografías en liña propias da BUSC, as estatísticas poden verse nos seguintes gráficos (no momento de redactar esta Memoria aínda con contabamos con datos de Oxford Reference).



En 2012 suscribíronse un total de 31 monografías electrónicas das editoriais Dawson e Wolters Kluwers. Fundamentalmente abarcan temas médicos e de enfermía, aínda que hai algún exemplar adicado á enxeñaría de sistemas.

MONOGRAFÍAS	Número
Libros electrónicos Dawson	21
Libros electrónicos WoltersKluwers	10
TOTAL	31


Uso 2012



No que atinxe a monografías electrónicas consorciadas este é o cadro resumo:

MONOGRAFÍAS	Nº TÍTULOS
IEEE Standards	3.177
IEEE Proceedings	13.913
Ebooks on EbscoHost	968
TOTAL	18.058

A continuación desglósase o seu uso na USC no ano 2012:




REVISTAS ELECTRÓNICAS

36

A BUSC tivo acceso durante 2012 a 17.309 títulos. Inclúense nesta cifra as revistas da BUSC (592 títulos) que non aparecen en ningún dos paquetes accesibles a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e as incluídas nas bases de datos a texto completo *Business Source Premier* (BSP), *JSTOR*, *SportDiscus Full Text*, *Lion*, *Greenfile* e *CINAHL*.


Revistas electrónicas a texto completo 2002-2012



As estatísticas amosan que se fixeron un total de 543.827 descargas, que se reparten do seguinte xeito: 497.827 descargas de artigos a texto completo nas revistas do Consorcio (un 5.5% máis que en 2011) e 45.962 descargas (un descenso superior ao 50% con respecto ao ano anterior) nas revistas da BUSC. No gráfico seguinte amósase a evolución das descargas de artigos a texto completo durante os últimos anos.




Descargas de artigos a texto completo - 2003-2012




Nos gráficos seguintes poden verse os datos totais e as porcentaxes correspondentes a cada editor.

Descarga de artigos a texto completo 2011-2012



Descarga de artigos a texto completo 2012 Porcentaxes



Un ano mais é ScienceDirect o paquete que concentra a meirande parte das descargas (51%). O segundo paquete en porcentaxe é Wiley. O conxunto de revistas contratadas pola BUSC amosa un descenso no seu uso, explicado en parte pola redución da colección, debido aos recortes orzamentarios. O resto dos paquetes mantéñense nas cifras do ano anterior.

Das 592 revistas subscritas pola BUSC con soporte electrónico, temos datos fiables de 308 (hai editores que non proporcionan estatísticas). Delas, 41 (13.3% do conxunto) non tiveron ningunha descarga. 96 títulos (31.6%) tiveron entre 1 e 10 descargas anuais; 55 revistas (17.9%) tiveron entre 11 e 55. 112 revistas (36%) superan as 51 descargas (e 80 destas superan as 100).

Polo que atinxe ao uso global no SUG, de novo a USC encabeza o número de descargas, acadando case o 50% das mesmas:

Centro	Total	% Uso
UDC	163.436	16,15
USC	497.827	49,21
UVI	350.281	34,62

Nos anexos ofrécese unha relación dos títulos das revistas máis utilizadas en 2012.

RefWorks

Dende o ano 2007 todos os membros da comunidade universitaria teñen ao seu dispor o xestor de citas bibliográficas RefWorks, adquirido a través do Consorcio Bugalicia. Grazas a esa ferramenta o usuario pode:

- Crear unha base de datos persoal para almacenar referencias importadas doutras bases de datos (ScienceDirect, ProQuest, Google Scholar...) ou engadilas manualmente.
- Clasificar as referencias almacenadas creando carpetas temáticas, por asignatura, proxecto, etc.
- Dar ás citas almacenadas o formato bibliográfico desexado (MLA, Vancouver, Chicago, APA, personalizado...) e exportalas a un documento de texto.

A finais de 2012 RefWorks contaba con 3.189 usuarios rexistrados e cun total de 351.429 referencias bibliográficas.



REPOSITORIO DA USC

Durante 2012 continuou o proceso de implementación do Repositorio institucional da USC. Nel estaban aloxadas a 31 de decembro de 2012 1.377 obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC (dixitalizadas grazas ás subvencións do Ministerio de Cultura concedidas en 2007,2009, 2010 e 2011) e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. En xuño de 2012 a BUSC presentouse a unha nova convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) coa quinta fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. Desgraciadamente, cunha comunicación de proposta de concesión en outubro de 2012 xa realizada, o Ministerio da marcha atrás e finalmente exclúe en xaneiro de 2013 das concesións ás Universidades Públicas. Tendo en conta o sinalado no preámbulo¹ da orde que regula esta axuda, parece especialmente grave excluír ás entidades públicas que máis esforzos están realizando por adaptarse ás esixencias do Ministerio e de Europa.

En calquera caso, na BUSC séguese a traballar na adaptación dos rexistros aos estándares de metadatos METS e Premis, así como as especificacións Europeaana Semantic Elements (ESE), o que permite que sexa provedor de contidos de Europeaana <http://www.europeana.eu/portal/>. Igualmente o repositorio institucional cumpre xa coas directrices OpenAire e Driver.

Sen dúbida un paso importante en 2011 foi a aprobación da normativa do **Repositorio Institucional Minerva**, feito que tivo lugar no Consello de Goberno de 22 de decembro de 2011. Pero falta desenvolver o alí exposto, por iso agardamos que a partir de agora, cunha masa crítica no Repositorio certamente xa importante, a USC de o paso seguinte incluíndo a produción científica dos seus investigadores.

O repositorio MINERVA está accesible dende a páxina web da BUSC e tivo en 2012 42.534 consultas e 27.802 descargas de documentos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Repositorio Institucional da USC (Beta)

Minerva. Repositorio Institucional da Universidade de Santiago de Compostela >

Benvido ao repositorio institucional da Universidade de Santiago de Compostela.

A USC, sumándose ás iniciativas do Open Access, quere, mediante este repositorio, dar acceso ás súas coleccións bibliográficas dixitalizadas e á produción investigadora e docente dos seus membros.

Buscar

Escriba o texto a buscar no DSpace.

Comunidades en Dspace

Escolla unha comunidade para listar as súas coleccións

[Biblioteca](#) [1327]
[I+D+i](#) [4948]

Novid

[Incorporar das teses USC ó recolecto \(Tesis Doctorais Red\)](#)

Recursi

Buscar no Dspace

Búsqueda avanzada

[Páxina de inicio](#)

Listar

[Comunidades e Coleccións](#)
[Data de publicación](#)
[Autor](#)
[Título](#)
[Materia](#)

Entrar en:

[Recibir actualizacións por correo electrónico](#)
[Páxina persoal usuarios autorizados](#)
[Editar Perfil](#)

[Axuda](#)
[Sobre Dspace](#)

¹ “Lograr que las bibliotecas digitales que se crean en España sean integrables en la biblioteca digital europea, «Europeana», es un proyecto de excepcional trascendencia cultural, que permitirá fomentar y difundir la cultura española y su patrimonio cultural común en Europa y en el mundo... La gestión centralizada por el Estado es necesaria e imprescindible en este caso para asegurar la plena efectividad de las ayudas dentro de la ordenación básica del sector bibliotecario y para garantizar iguales posibilidades de obtención y disfrute por parte de las bibliotecas en todo el territorio nacional, no sobrepasando además la cantidad destinada a las ayudas la cuantía global de los fondos destinados al sector”.

FORMACIÓN DE USUARIOS

Os datos relativos ao programa de formación de usuarios poden verse no seguinte cadro:

BIBLIOTECA	Cursos formación reglada	Asistentes	Cursos formación non reglada	Asistentes
B. Xeral	-	-	2	40
Bioloxía	3	191	3	18
Económicas	3	269	3	395
C.Arenal	1	12	11	505
Farmacia	1	208	-	-
Filoloxía	3	79	10	43
Fª, Cc. Educ. Psicol	5	220	13	347
Física Óptica	-	-	4	128
Xeografía e Historia	4	251	-	-
Matemáticas	1	100	2	45
Medicina	3	121	1	20
Química	1	131	-	-
ETSE	2	103	-	-
Intercentros	16	372	7	122
CC. Comunicación	2	13	-	-
Formación Profesorado	2	166	-	-
Enfermería	1	22	2	61
TOTAL	48	2258	58	1724

Tal e como se sinala na Memoria de 2011, continua o incremento na formación reglada. A causa hai que busca na implantación de cursos básicos de competencias informacionais en primeiro de grao. Estes cursos puxéronse en marcha en virtude do convenio de colaboración coa Universidad de La Laguna, Universidad de Zaragoza e Universidad de Alicante para desenvolver un modelo común de formación en competencias informacionais. No curso 2012/2013 chegamos a 34 graos.

Tratase dun curso básico en competencias, impartido de xeito virtual co obxectivo de que o alumnado de primeiro de grao adquira autonomía para localizar, seleccionar, usar e comunicar información, mediante habilidades e competencias básicas na busca e xestión da información. Estes cursos impártense a través da Aula CESGA o que permite que o usuario siga o curso ao seu propio ritmo desde calquera ordenador conectado a Internet (e para realizalo se necesitan entre 6 e 10 horas aproximadamente). Aos alumnos que o superen se lles expide un **certificado de aptitude**.

Ademais deste curso tamén se imparten outros, nomeadamente como formación non reglada. Así nas Bibliotecas Intercentros de Psicoloxía e Ciencias da Educación, Concepción Arenal, Filoloxía e Intercentros de Lugo impartíronse cursos introductorios para novos alumnos sobre a BUSC, a súa páxina web e o catálogo e cursos especializados para alumnos de grao e enfocados á presentación e uso de recursos informativos de interese no seu campo de estudo e investigación.

PRÉSTAMO A DOMICILIO

En 2012 houbo un total de 362.648 préstamos no conxunto da BUSC o que supón un descenso global do 3.5 % respecto a 2011. Na seguinte táboa aparecen os datos desglosados por bibliotecas nos últimos dez anos.

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
B.Xeral	35.427	35.706	31.971	31.650	29.813	30.159	33.613	30.779	41.189	38.055
Bioloxía	16.250	15.852	15.158	15.006	14.909	10.960	10.258	11.244	11.778	10.858
Económicas	21.207	21.822	21.178	20.744	18.296	15.597	17.757	18.329	17.668	17.462
Der., Pol., R. Lab.	29.329	33.544	34.972	37.270	35.727	39.467	40.659	44.515	45.468	44.915
Farmacia	7.958	8.369	8.056	9.271	9.698	9.730	8.641	9.291	8.724	7.303
Filoloxía	44.111	43.096	38.898	38.905	37.781	41.076	51.017	51.143	50.662	51.665
CC. Ed., Psi.	61.910	51.576	48.401	47.939	50.165	51.224	52.242	54.150	61.244	42.965
Física e Óptica	13.097	13.327	11.412	10.561	10.089	9.202	8.034	7.885	7.329	7.538
Xeografía e Hª	32.546	33.975	31.935	34.697	33.028	31.835	38.995	14.088	39.933	39.749
Matemáticas	10.154	11.089	11.013	10.483	9.121	9.067	8.915	10.204	9.129	9.499
Medicina	18.023	17.308	16.520	17.332	16.360	15.145	13.764	15.608	14.624	14.652
Química	15.271	14.599	7.654	7.269	6.003	5.140	4.761	3.847	5.062	4.588
ETSE			5.346	5.408	5.045	4.605	5.184	5.196	5.561	6.417
Xornalismo	19.334	18.346	14.139	11.537	12.818	12.028	11.597	12.728	14.179	13.308
Enfermería	4.009	4.527	4.347	4.460	4.609	4.623	4.921	6.079	5.908	5.853
Filosofía	780	442								12.685
Intercentros Lugo	54.050	52.700	45.177	41.779	36.215	31.682	29.773	29.983	29.461	27.329
Maxisterio Lugo	11.280	10.018	8.697	8.102	7.593	7.947	7.016	8.352	8.179	7.807
	394.736	386.296	354.874	352.413	337.270	329.487	347.147	333.421	376.098	362.648

En xeral, non hai cambios significativos con respecto aos últimos anos. O descenso de Ciencias da Educación-Psicoloxía ven explicado polo cambio de adscrición de Filosofía (agora na Biblioteca Intercentros de Xeografía e Historia)

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO E FOTODOCUMENTACIÓN

Ao longo do ano, no Servizo de Préstamo Interbibliotecario e Fotodocumentación realizáronse 6.080 transaccións de solicitudes de documentos, un 13% menos que o ano anterior. Se as desglosamos observamos que o número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras bibliotecas descende nun 10 % respecto a 2011 (1.830 solicitudes fronte ás 2.042 do ano anterior) e a demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras bibliotecas, maioritariamente bibliotecas pertencentes a REBIUN, diminuíu nun 14,55% (4.250 solicitudes de documentos fronte aos 4.974 do ano anterior). Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2012:

Documentos obtidos de centros externos	Copias	Préstamos	Total
Solicitudes recibidas	1.563	267	1.830
Solicitudes non cursadas	-	-	-
Documentos solicitados	1.563	267	1.830
Documentos obtidos	1.322	262	1.584
Documentos non obtidos	86	4	90
Solicitudes canceladas	142	-	142
Solicitudes en trámite	13	-	14

As solicitudes canceladas non se tramitaron por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se pedisen ao estranxeiro, ou ben se tramitaron e posteriormente se cancelaron por ser os datos de referencia erróneos ou incompletos.

O número máis elevado das solicitudes corresponden a artigos de publicacións periódicas (1420), seguido de monografías (374) e teses de doutoramento (7).

Procedencia das solicitudes dos usuarios da USC

DOCUMENTOS SOLICITADOS POR USUARIOS DA USC	
BIBLIOTECA	Documentos
B. Xeral	144
Bioloxía	50
CC. Económicas	14
Concepción Arenal	62
Farmacia	119
Filoxía	205
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	128
Física e Óptica	26
Xeografía e Historia	126
Matemáticas	11
Medicina e CHUS	633
Química	40
CC. Comunicación	8
Intercentros Lugo	216
Formación do Profesorado	7
Filosofía	26
ETSE	7
E.U. Enfermería	-
Institutos de Investigación	1
TOTAIS	1.823

Con referencia a anos anteriores, non se observan cambio significativos na procedencia das solicitudes, sendo de novo Medicina e o CHUS os que presentan o número máis alto delas.

Polo que atinxe aos documentos servidos a centros externos, estes son os datos de 2012:

Documentos servidos a centros externos	Copias	Préstamos	Total
Documentos solicitados	3.301	949	4.250
Documentos subministrados	2.693	870	3.563
Documentos non subministrados	525	77	602
Solicitudes canceladas	74	2	76
Solicitudes en trámite	9	-	9

Os documentos que non se subministraron corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.



Ubicación das coleccións demandadas

DOCUMENTOS SUBMINISTRADOS POR BIBLIOTECAS DA USC			
BIBLIOTECA	Copias	Préstamos	Totais
B. Xeral	329	166	495
Bioloxía	152	8	160
CC. Económicas	45	24	69
Concepción Arenal	245	96	34
Farmacia	297	7	303
Filoloxía	394	254	638
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	106	79	185
Física e Óptica	53	7	60
Xeografía e Historia	154	125	279
Matemáticas	71	10	81
Medicina	458	4	462
Química	195	8	203
CC. Comunicación	14	9	23
E.U. de Enfermería	12	-	12
Intercentros Lugo	123	28	151
FILOSOFÍA	63	35	98
Formación do Profesorado	11	4	15
ETSE	45	2	47
TOTAIS	2.757	865	3.622

